

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE VILAXOÁN

ANTECEDENTES

1. Mediante a Resolución do 28 de agosto 2024, do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicouse a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados no proceso selectivo para obtención do permiso de explotación de marisqueo a xeral a pé na confraría de Vilaxoán. Esta resolución foi modificada mediante Resolución do 14 de outubro de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.

2. Mediante Resolución do 7 de marzo de 2025, do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, autorizouse o emprego da lista de reserva para a cobertura de oito (8) prazas vacantes. Abríuse un prazo de 15 días para que as persoas seleccionadas achegaran a documentación necesaria. Unha vez finalizado o prazo de presentación de documentación, conséntase que unha (1) das persoas seleccionadas da lista de reserva non presentou a documentación requirida.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Este Departamento Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

2. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011) establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data da resolución do departamento territorial.

A Resolución do 14 de outubro de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo modificou a do 28 de agosto 2024, pola que se publicou a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados. A lista de reserva, constituída pola lista de non seleccionados e vixente ata o 15 de outubro de 2025, e deberá ser empregada para a cobertura de vacantes.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar ao departamento territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan prazas vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan prazas vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.



3. Correspóndelle a este Departamento Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan os departamentos territoriais da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, este Departamento Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

1. **Declarar desistida** da súa solicitude no proceso selectivo á seguinte persoa :

Apelidos e nome	D.N.I.
GESTOSO INSUA, RUBÉN	* * * 8645 * *

2. **Modificar a lista de reserva** para cubrir unha (1) praza vacante e publicar o nome da **seguinte persoa seleccionada** para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría da Vilaxoán:

Apelidos e nome	D.N.I.
MIGUENS PATIÑO, AGUEDA	* * * 9032 * *

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

A persoa seleccionada disporá dun prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do Anexo A da convocatoria:

- Certificado de estar empadroad/a nun municipio do litoral de Galicia.** Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.
- Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor/a de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.** Non será necesario no caso de ter dado o consentimento para comprobación destes datos.

As persoas perceptoras da renda de integración social deberán achegar escrito de renuncia a esta prestación.

- Documento médico que acredite non estar incapacitado/a para exercer as labores do marisqueo.**
- Fotografía de tamaño carné, actual.**



e) **Certificado de mariscador.** Esta documentación non será necesaria, no caso de ter dado o consentimento para a súa comprobación ou xa teña sido presentado durante o proceso selectivo.

Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Esta documentación deberá dirixirse á **Xefatura Comarcal do Mar en Vilagarcía de Arousa**

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación: **"non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento"**.

As persoas que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou que, da revisión da mesma, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, de acordo aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/s persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía de Arousa e de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

